



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2º CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP SAN TOMÉ
NIVEL:2º
36015093
DATA:5 de maio de 2020



ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Atención á diversidade**
- 5. Información e publicidade.**



1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Ccs. Naturai

Ccs. Sociais

Ed. plástica

Ed. musical

L. castellana

L. galega

Matemáticas

P.L.E./Inglés

Competencia Comunicación lingüística

- Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá
- **Expresa, de forma sinxela a súa opinión sobre as obras plásticas observadas**
- **Intenta ler e interpretar con ritmo ladaiñas e canción ao unísono.**
- **Expresa os seus sentimentos, emocións e opinións**
- **Utiliza para comunicarse oralmente recursos tanto verbais como non verbais (xestos, a mirada, postura corporal...)**
- **Pronuncia correctamente e exprésase coa fluidez propia da súa idade**
- **Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel**
- **Identifica a estrutura de textos sinxelos das seguintes tipoloxías:-Carta informal (data, saúdo, mensaxe e despedida)-Notas informativas (por exemplo ás notas ás familias)-Felicitacións-Listaxe (por exemplo: as normas da aula)**
- **Recoñece a estrutura e o contido principal de textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación:-As novas (quen, cando e cómo, titular, foto e pé de foto)**
- **Reproduce de memoria pequenas poesías (cuartetos de rima consonante), adiviñas, ditos e refráns**
- **Reproduce oralmente textos orais sinxelos do contorno social (avisos, anécdotas...)**
- **Lee coa velocidade axeitada á súa idade textos sinxelos**
- **Comprende a mensaxe, de xeito global, de textos breves leídos**
- **Escribe con axuda textos sinxelos en diferentes soportes**
- **Intenta presentar os seus traballos con caligrafía clara**
- **Iniciase na utilización dos signos de puntuación propios do nivel e valora a importancia de escribir ortográficamente ben as palabras en textos sinxelos**
- **Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.**
- **Comprende mensaxes orais de uso habitual no ámbito social**



- **Escoita con atención as conversas dos demais en intercambios orais**
- **Utiliza a lingua galega en calquera situación e lugar**
- **Utiliza fórmulas de tratamento para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda**
- **Recoñece enunciados, palabras e sílabas nos textos traballados.**
- **Identifica en palabras, frases ou textos nomes comúns e propios**

- **Explica verbalmente os pasos para resolver un problema**

- **Comprende a información esencial dun conto ou canción con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.**
- **Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.**
- **Fai presentacións orais moi breves e elementais previamente preparadas sobre temas moi próximos cunha pronuncia e entoación comprensibles.**
- **Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais.**
- **Comprende palabras e frases simples en textos escritos, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.**
- **Escribe palabras e frases relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá e sobre temas traballados previamente de forma oral.**
- **Recoñece e utiliza saúdos e despedidas e o uso de fórmulas de cortesía.**
- **Expresa estados de ánimo elementais.**
- **Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula.**

Competencia en Matemática, Ciencia e Tecnoloxía

- **Identifica e describe as partes do corpo(cabeza,tronco,extremidades e ariculacións**
- **Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais**
- **Identifica os alimentos diarios necesarios aplicando hábitos de vida saudable**
- **Diferencia entre seres vivos e inertes**

- **Utiliza os pasos do método científico nas súas investigacións**
- **Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima**
- **Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no seu manexo**

- **Emprega a regra para unir puntos e debuxar formas xeométricas.**

- **Le, escribe e ordena números ata o 999.**
- **Identifica o valor de posición das cifras de tres díxitos**
- **Reliza series ascendentes e descendentes de 2 en 2, de 3 en 3, de 5 en 5 e de 10 en 10**



- **Compón e descompón números manipulativamente até o 100**
- **Utiliza a suma e a resta adecuadamente para a resolución dun problema**
- **Emprega estratexias de cálculo mental: buscar o dez, sumas dobres e sumas dobres máis un.**
- **Emprega o centímetro e o metro como unidades de medida para obxectos da contorna e coñece o quilómetro para distancias longas**
- **Emprega o quilogramo como unidade de medida e identifica o medio quilo e o cuarto de quilo como fraccións do quilogramo**
- **Emprega o litro como unidade de medida e identifica o medio litro e o cuarto de litro como fraccións do litro**
- **Le a hora en reloxos dixitais e recoñece as horas en punto e medias horas nos analóxicos**
- **Coñece os billetes de 5, 10, 20 e 50 euros e as moedas de 1 e 2 euros.**
- **Completa figuras partindo do seu eixe de simetría.**
- **Recoñece corpos con formas cúbicas e esféricas en obxectos do entorno inmediato**
- **Rexistra e interpreta datos sinxelos en representacións gráficas básicas**
- **Diferencia entre suceso seguro, posible e imposible**

Competencia en Aprender a Aprender

- **Despois dunha presentación audiovisual (película, curta, presentación genially, prezi, power-point, etc.) é quen de elaborar debuxos que representen ou estén relacionados con dita presentación**
- **Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.**
- **Segue as explicacións sobre a organización do traballo na clase e fai preguntas si é preciso**
- **Utiliza a biblioteca para obter información, respectando as normas que rixen o funcionamento da mesma**

Competencia en Conciencia e Expresións Culturais

- **Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos**
- **Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de gozo e ocio**
- **Dedica, de xeito guiado, momentos de lecer para a lectura voluntaria**
- **Valora e pon interese no momento da lectura**
- **Valora os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas**
- **Pon interese no uso da lingua galega en conversas cos demais**
- **Valora os textos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura.**

Competencia Social e Cívica

- **É responsable no coidado do medio ambiente**
- **Acepta e respecta aos demais**



- **Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos.**
- **Coida o material e respecta as normas preestablecidas**
- **Respecta aos seus compañeiros cando están falando e espera a súa quenda para falar**
- **Respecta as diferenzas empregando unha linguaxe non discriminatoria.**
- **Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros**
- **Participa nunha conversa entre iguais**
- **Participa no traballo en grupo**

Competencia dixital

- **Identifica e describe as partes dun ordenador**
- **Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso**
- **Busca información en soporte informático**
- **Utiliza de forma guiada, distintos programas educativos dixitais**

Competencia Sentido de la Iniciativa e Espírito Emprendedor

- **Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.**
- **É autónomo nas súas tarefas e accións, mostrando iniciativa e responsabilidade**
- **Utiliza nas súas producións (debuxos, colaxes, modelaxes...) diferentes formas, cores e texturas**
- **Participa activamente en assembleas, conversacións e diálogos**



2. Avaliación e cualificación		
Avaliación	Procedementos	<ul style="list-style-type: none"> • Envío de imaxes de textos escritos a través da aula virtual. <ul style="list-style-type: none"> a) Pequenos traballos de investigación. b) Descricións, entrevistas... c) Cuestionarios (comprensión escrita e oral) d) Composición de diferentes tipoloxías textuais.(receitas, novas, poemas breves, contos, refráns, adiviñas...) • Envío de producións orais (vídeos/audios) a través da aula virtual ou de correo electrónico (lectura dun fragmento dun libro, exposicións orais de temas de ciencias, coreografías...) • Envío de imaxes de resolución de problemas/retos matemáticos. • Envío de imaxes de tarefas plásticas a través da caixa de entrega na aula virtual • Envío de imaxes e audios/vídeos de producións musicais. • Conversas mantidas a través de vídeoconferencias.
	Instrumentos	<ul style="list-style-type: none"> • Imaxes das probas escritas. • Vídeos e audios. • Táboas de indicadores: <ul style="list-style-type: none"> a) Rúbricas (expresión oral e escrita) b) Escalas de observación c) Rexistro de entrega de tarefas
<p>Terceira avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cualificación: media das dúas primeiras avaliacións + valoración do traballo non presencial. <ul style="list-style-type: none"> ○ Valoración do traballo non presencial: <ul style="list-style-type: none"> ▪ + 1 punto para todo o alumnado que entregue o 75% das tarefas propostas polo profesorado. ▪ + 2 para o alumnado que entregue o 90% + valoración obxectiva empregando os instrumentos de avaliación anteriormente descritos. - Avaliación: informe sobre a evolución individual <p>Avaliación ordinaria:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cualificación: realizarase unha media das tres avaliacións para obter a nota global. - Avaliación: informe individualizado. 		



3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

Actividades Repaso e reforzo	<p>Matemáticas:</p> <p>Cálculo mental (conteo, ascendente, descendente, +1, +10, +5, -1, -10, -5, o dobre de, complementarios do 10, complementarios do, 100 e complementarios do 1000. Estratexias de búsqueda de sumar 9 e restar 9.</p> <p>Resolución de problemas, nos que deban sumar e restar e acompañados de esquemas ou debuxos que apoiem o procedemento de dita resolución.</p> <p>Numeración e algoritmos Construcción de número e valor posicional de números ata o 999, series, descomposición e composición, os números ordinais ,</p> <p>Medida Facer medicións en obxectos reais e calcular perímetros. Empregar as unidades de medida de capacidade (litro, medio litro) e de medida de masa (kilo, medio kilo, gramos) de xeito vivenciado (receitas e experimentos) E exercicios de cálculo utilizando moedas e billetes (de 1, 2, 5 10, 20 e 50 €)</p> <p>Xeometría Identificar figuras xeométricas e recoñecelas na contorna.</p> <p>Estadística e probabide Observar datos en gráficos para a resolución de problemas,</p>
	<p>Áreas lingüísticas:</p> <p>Expresión escrita Elaborar textos (descripcións, novas, receitas, contos, encher bocadillos de diálogo, refráns...)</p> <p>Expresión oral Exposicións orais dalgún tema en concreto (traballo interdisciplinar coa área de ciencias)</p> <p>Comprensión escrita Na resolución dos exercicios plantexados (ler enunciados), cubrir cuestionarios o test da lectura correspondente.</p> <p>Comprensión oral Tras a escoita de audios e videos dun tema específico ou videotutoriais, saber resolver as cuestións ou exercicios correspondentes. Tamén seguemento de instrucións.</p>
	<p>Ciencias:</p> <p>Actividades de investigación sobre o coidado da natureza (o efecto invernadoiro), o coidado do corpo (a importancia da alimentación, hixiene e descanso), partes do corpo.</p> <p>Diferenciar seres vivos e seres inertes</p> <p>Identificar os elementos naturais e artificiais da paisaxe</p> <p>Actividades relacionadas cos oficios .</p> <p>Actividades que poñan en práctica o procedemento do método científico (sobre todo na observación, elaboración de hipóteses e comprobación das mesmas)</p>
	<p>Educación Artística:</p> <p>Empregar diferentes materiais, técnicas e soportes para as creacións plásticas e musicais. Expresar a súa opinión sobre obras artísticas plásticas e musicais famosas.</p>



		<p>Matemáticas: Calculo mental: asociacións de cantidades para mellorar a eficacia dos algoritmos (por exemplo: “os sacos de paco” aumentando a dificultade) Resolución de problemas, nos que deban multiplicar, entendendo a multiplicación como suma repetida dunha mesma cantidade, apoiada dita resolución en debuxos ou esquemas. Numeración Pares e impares Medida Ler os reloxos dixitais e analóxicos (en punto, e media, e cuarto e menos cuarto) Xeometría Identificar corpos xeométricos e recoñecelos na contorna. Estadística e probabide Diferenciar entre suceso seguro, posible e imposible,</p> <p>Áreas lingüísticas: Todas as descrita nas actividades de reforzo, pero ampliando algunha pauta (nas descrições, partes do conto e das novas)</p> <p>Ciencias: Actividades relacionadas coa respiración e coa nutrición. Os seres vivos (o reino animal e o reino vexetal)</p> <p>Educación Artística: Continuar ampliando o tipo de técnicas plásticas e musicais xa reforzadas e utilizar algunhas ferramentas específicas da educación plástica (a regra e o escadro) e musical.</p>
MICROBIBLIOTECA (alumnado con conectividade e sen)	Con conectividade	<ul style="list-style-type: none"> • Vídeos/textos explicativos coa presentación do contido. • Tarefas relacionadas co vídeo/texto. • Problemas de aplicación a situacións da vida cotiá.
	Sen conectividade	<ul style="list-style-type: none"> • Envío en papel das tarefas, adaptando a presentación do contido a ese formato.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> • Vídeos de produción propia • Vídeos externos (youtube, eduteca, happy learning...) • Presentacións de produción propia (genial.ly, pdf) • Videocontos • Audios de produción propia • Videoconferencias • Aula virtual / web do centro / blog de música. • O libro de lectura común (que xa tiñan cando comezou o segundo trimestre e que continuamos lendo e traballando no terceiro trimestre) 	



4. Atención á diversidade

Medidas adoptadas

- Creación dun curso propio na aula virtual para o alumnado con adaptación curricular ou que recibía apoio educativo por parte da pt.
- Proposta de tarefas nese curso acorde ás características dese alumnado.
- Sesións en webex co alumnado de AL.
- Seguimento por parte do Departamento de Orientación a través de chamadas/videochamadas.



5. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>Empregaranse as vías de comunicación habituais neste tempo:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Comunicación xeral a través de abalarmóbil. <ul style="list-style-type: none"> ○ Información xeral da situación educativa. ○ Comunicados de centro. ○ Comunicados de aula. ○ Salas de mensaxería para temas diversos. ○ Mensaxes privadas a alumnado concreto. <ul style="list-style-type: none"> ▪ Informe das tarefas entregadas ▪ Informe de non conexión (co obxectivo de detectar dificultades, non inquisidor) • Comunicación na aula virtual/plataforma EVA. <ul style="list-style-type: none"> ○ Plan de tarefas. ○ Vídeos explicativos. ○ Convocatoria de videoconferencias. ○ Propostas voluntarias (vídeos, actividades). • Webex/Jitsi: <ul style="list-style-type: none"> ○ Explicación de tarefas concretas. ○ Aclaración de dúbidas a alumnado. ○ Sesións de titoría. ○ Sesións de PT e AL
Publicidade	<ul style="list-style-type: none"> • Publicación obrigatoria na páxina web do centro. • Comunicado de centro en abalarmóbil.